

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas, concelleiros non adscritos.

Non asiste, con escusa, dona Leonor Fernández Grande, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Faise constar que dona Rocío Vila Díaz, do PP, incorpórase á sesión ás vinte e dúas horas e quince minutos, durante o debate do punto 3.2.A) da orde do día.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1<sup>º</sup> do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de febreiro de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201902281903530000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2018 e á sesión extraordinaria do día 31 de decembro de 2018**

#### **Acceso á videoacta – 00:01:30 horas**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2018 e á sesión extraordinaria do día 31 de decembro de 2018.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezaseis concelleiros na sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2018 [os catro concelleiros do PP que se relacionan: dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan

González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández; os dous concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez; don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e os dous concelleiros non adscritos]

- dezasete concelleiros na sesión extraordinaria do día 31 de decembro de 2018 [os tres concelleiros do PP que se relacionan: dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández; os tres concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e os dous concelleiros non adscritos]

## 2. PARTE RESOLUTIVA

### 2.1. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente núm. 3/2019

#### **Acceso á videoacta – 00:01:53 horas**

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de febreiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 50.705,04 euros euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse conformado polos responsables do contrato ou ben por mor da acumulacion de tarefas ao fin do exercicio na intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 3/2019 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 50.705,04 euros, correspondente ás facturas, e no seu caso certificacións de obra, que se relacionan a continuación:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2018/3613	02/08/2018	B15441934	PINTURAS GONZALEZ IGLESIAS, S.L.	2.057,39
F/2018/3731	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	15,65
F/2018/3732	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	113,14
F/2018/3733	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	69,55
F/2018/3734	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	18,31
F/2018/3735	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	17,90
F/2018/3736	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	78,18
F/2018/3737	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	136,86
F/2018/3738	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	57,55
F/2018/3739	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	287,56
F/2018/3740	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	24,13
F/2018/3741	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	50,88
F/2018/3743	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	115,92
F/2018/3744	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	51,67
F/2018/3745	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	84,42
F/2018/3746	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	43,89
F/2018/3747	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	94,49
F/2018/3748	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	163,71
F/2018/3749	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	4,97
F/2018/3750	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	70,42
F/2018/3751	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	5,48
F/2018/3752	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	20,39
F/2018/3753	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	35,43
F/2018/3754	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	110,09
F/2018/3755	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	10,97
F/2018/3756	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	142,70
F/2018/3757	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	21,30
F/2018/3758	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	118,47
F/2018/3759	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	64,37
F/2018/3760	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	55,79
F/2018/3761	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	104,85
F/2018/3762	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	27,76
F/2018/3763	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	66,49
F/2018/3764	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	97,21
F/2018/3765	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	247,74
F/2018/3766	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	163,52
F/2018/3767	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	93,75
F/2018/3768	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	89,06
F/2018/3769	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	170,28
F/2018/3770	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	66,62
F/2018/3771	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	62,42
F/2018/3857	12/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	22,37
F/2018/3963	31/08/2018	B15704109	XALO OBRAS E SERVICIOS, S.L.	2.286,90
F/2018/4054	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	424,19
F/2018/4055	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	808,45
F/2018/4056	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	520,41
F/2018/4057	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	340,99
F/2018/4058	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	855,03
F/2018/4060	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	324,28
F/2018/4061	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	537,54
F/2018/4062	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	331,54
F/2018/4063	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	82,86
F/2018/4064	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	501,80
F/2018/4065	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	222,51
F/2018/4066	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	414,93
F/2018/4067	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	501,35
F/2018/4068	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	305,03



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2018/4069	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	135,34
F/2018/4070	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	667,39
F/2018/4071	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	656,51
F/2018/4072	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	346,25
F/2018/4073	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	363,57
F/2018/4074	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	165,07
F/2018/4075	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	576,65
F/2018/4077	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	465,62
F/2018/4078	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	325,04
F/2018/4079	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	728,81
F/2018/4080	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	133,90
F/2018/4081	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	325,71
F/2018/4082	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	104,77
F/2018/4101	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	312,70
F/2018/4103	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	519,59
F/2018/4106	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	207,18
F/2018/4107	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	400,44
F/2018/4110	06/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	55,62
F/2018/4124	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	60,88
F/2018/4125	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	248,52
F/2018/4126	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	5,14
F/2018/4127	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	48,68
F/2018/4128	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	91,80
F/2018/4129	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	63,53
F/2018/4130	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	11,54
F/2018/4132	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	101,20
F/2018/4134	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	221,55
F/2018/4135	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	54,20
F/2018/4137	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	39,22
F/2018/4138	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	33,66
F/2018/4139	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	105,92
F/2018/4140	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	119,43
F/2018/4141	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	17,41
F/2018/4142	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	97,89
F/2018/4143	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	7,45
F/2018/4144	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	70,65
F/2018/4145	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	45,57
F/2018/4146	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	48,44
F/2018/4147	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	223,79
F/2018/4148	11/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	125,22
F/2018/4199	12/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	163,16
F/2018/4213	12/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	5,14
F/2018/4224	12/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	18,03
F/2018/4238	12/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	21,61
F/2018/4244	12/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	6,05
F/2018/4246	12/09/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	22,51
F/2018/4397	02/10/2018	B36484988	CAMPING OS FIEITAS, S.L.	412,60
F/2018/4432	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	352,38
F/2018/4434	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	322,51
F/2018/4439	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	491,33
F/2018/4453	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	239,19
F/2018/4720	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	439,16
F/2018/4724	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	635,96
F/2018/4729	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	308,95
F/2018/4733	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	74,46
F/2018/4734	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	444,86
F/2018/4736	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.374,56
F/2018/4739	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	550,39
F/2018/4740	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	508,13

CVD: Ab/yzj67jg6mk16nHBSD  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

F/2018/4741	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.045,61
F/2018/4742	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	799,18
F/2018/4743	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	153,11
F/2018/4745	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	509,91
F/2018/4747	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	184,48
F/2018/4748	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	143,18
F/2018/4749	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	324,35
F/2018/4750	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	213,90
F/2018/4752	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	637,25
F/2018/4754	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	278,78
F/2018/4756	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.015,42
F/2018/4758	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	566,06
F/2018/4759	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	966,16
F/2018/4763	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	616,50
F/2018/4766	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	688,02
F/2018/4769	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	86,36
F/2018/4777	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	372,60
F/2018/4798	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	88,12
F/2018/4800	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	264,87
F/2018/4804	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	364,55
F/2018/4805	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	696,31
F/2018/5022	12/11/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	248,75
F/2018/5045	12/11/2018	B70339437	TANATORIO SAN JAVIER, S.L.	1.152,63
F/2018/5064	12/11/2018	B15441934	PINTURAS GONZALEZ IGLESIAS, S.L.	1.040,78
F/2018/5158	23/11/2018	B70044714	ARQUESTUDIO, S.L.	242,00
F/2018/5257	30/11/2018	32817716M	VILLAR GONZALEZ, PAULA	82,80
F/2018/5285	05/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	821,29
F/2018/5295	05/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	363,39
F/2018/5303	06/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	544,28
F/2018/5307	06/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	827,30
F/2018/5312	06/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	336,49
F/2018/5385	08/12/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	7,50
F/2018/5389	08/12/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	21,90
F/2018/5491	14/12/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	25,53
F/2018/5510	17/12/2018	B15732753	PANADERIA MARTIPAN DE CECEBRE, S.L.	99,54
F/2018/5519	18/12/2018	B15871221	LARPEIRADAS ANXO, S.L.	15,21
F/2018/5523	18/12/2018	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	78,35
F/2018/5562	20/12/2018	B15077324	CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L.	339,90
F/2018/5610	27/12/2018	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	5.820,39
F/2018/5624	26/12/2018	32817716M	VILLAR GONZALEZ, PAULA	88,00
			<b>TOTAL</b>	<b>50.705,04 euros</b>

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

**Terceiro.-** Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar os referidos reparos co fin de que estes non se repitan.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de febreiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON

(dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad). E abstéñense os catro concelleiros presentes do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 2.2. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente núm. 4/2019

### Acceso á videoacta – 00:07:49 horas

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de febreiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 60.436,36 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non estar conformadas polos responsables do contrato ou por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, ou ben por mor da acumulación de tarefas ao fin do exercicio na Intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

**Segundo.-** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 4/2019 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 60.436,36 euros, correspondente ás facturas, que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2018/3562	30/07/2018	B15436215	BOSCH SEGURIDAD Y CONTROL S.L.	480,59
F/2018/3606	02/08/2018	B15359383	AUGASERVI, S.L.	39,57
F/2018/3619	03/08/2018	B15359383	AUGASERVI, S.L.	284,35
F/2018/3860	12/08/2018	B64345150	ON EN MARCHA SEGURIDAD Y VIGILANCIA, S.L.	946,22
F/2018/3911	22/08/2018	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL, S.A.	1.243,00



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2018/3928	27/08/2018	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	537,24
F/2018/3931	28/08/2018	B15974264	FERRANT Y PAN ASOCIADAS, S.L.	580,80
F/2018/3969	31/08/2018	J70196100	BARBEITO Y LOPEZ S.C.	193,60
F/2018/4009	05/09/2018	B15361348	NEA F3 IBERICA, S.L.	94,22
F/2018/4267	12/09/2018	B84948736	ACENS TECHNOLOGIES, S.L.U	36,18
F/2018/4297	19/09/2018	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	166,86
F/2018/4310	21/09/2018	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	113,00
F/2018/4602	10/10/2018	B13102009	INGENIERIA DE GESTION INDUSTRIAL, S.L.	70,52
F/2018/4614	10/10/2018	B15901614	AUTO-REPARACIONES SIGRAS, S.L.	870,06
F/2018/4664	19/10/2018	B15974264	FERRANT Y PAN ASOCIADAS, S.L.	180,29
F/2018/4671	22/10/2018	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL, S.A.	279,00
F/2018/4703	25/10/2018	B15974264	FERRANT Y PAN ASOCIADAS, S.L.	2.341,35
F/2018/4824	16/10/2018	76572196K	LOPEZ FERNANDEZ JESUS	145,20
F/2018/4852	31/10/2018	A63546527	EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.	8.690,03
F/2018/4871	05/11/2018	B27829696	RADIO SPECTRUM NETWORKS, S.L.	223,85
F/2018/4874	05/11/2018	A15575574	ATLANTICA DE INFORMACION E COMUNICACION DE GALICIA, S.A.	135,00
F/2018/4899	05/11/2018	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	1.254,66
F/2018/5044	12/11/2018	B13102009	INGENIERIA DE GESTION INDUSTRIAL, S.L.	70,52
F/2018/5074	12/11/2018	F70380167	3C CALIDAD Y CONTROL, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	847,00
F/2018/5113	14/11/2018	G70570809	MUSIGRAS	1.000,00
F/2018/5115	13/11/2018	76572979E	LAMELA FOUZ ELADIO	5.814,51
F/2018/5124	16/11/2018	B70123443	HERMANOS PORTO DE PAULA, S.L.	1.028,50
F/2018/5151	22/11/2018	B15974264	FERRANT Y PAN ASOCIADAS, S.L.	58,08
F/2018/5164	26/11/2018	B70340989	TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS, S.L.	1.017,02
F/2018/5186	29/11/2018	B70123443	HERMANOS PORTO DE PAULA, S.L.	467,50
F/2018/5199	30/11/2018	A63546527	EXPERTUS MULTISERVICIOS, S.A.	8.690,03
F/2018/5201	30/11/2018	A28011153	ZARDOYA OTIS, S.A.	147,10
F/2018/5268	04/12/2018	76572979E	LAMELA FOUZ ELADIO	4.533,51
F/2018/5334	05/12/2018	32787014P	SANMARTIN FUENTES JOSE LUIS	587,00
F/2018/5335	05/12/2018	32787014P	SANMARTIN FUENTES JOSE LUIS	126,00
F/2018/5336	05/12/2018	32787014P	SANMARTIN FUENTES JOSE LUIS	336,50
F/2018/5337	05/12/2018	32787014P	SANMARTIN FUENTES JOSE LUIS	137,50
F/2018/5441	10/12/2018	B15732753	PANADERIA MARTIPAN DE CECEBRE, S.L.	281,08
F/2018/5443	10/12/2018	B15732753	PANADERIA MARTIPAN DE CECEBRE, S.L.	165,00
F/2018/5445	10/12/2018	B15732753	PANADERIA MARTIPAN DE CECEBRE, S.L.	600,00
F/2018/5459	11/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	374,14
F/2018/5460	11/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	689,55
F/2018/5468	12/12/2018	33273653J	MOURE GOSENJE JAVIER	522,72
F/2018/5477	13/12/2018	B15609530	AUTECO SEGURIDAD, S.L.	85,91
F/2018/5502	14/12/2018	76572979E	LAMELA FOUZ ELADIO	966,49
F/2018/5505	17/12/2018	B15271042	PROTEL SISTEMAS DE SEGURIDAD, S.L.	145,20
F/2018/5506	17/12/2018	B15271042	PROTEL SISTEMAS DE SEGURIDAD, S.L.	108,90
F/2018/5509	17/12/2018	B70158795	CARPAS FACAL, S.L.	1.633,50
F/2018/5512	18/12/2018	B27035419	XORSA GLOBAL, S.L.	810,30
F/2018/5515	18/12/2018	B70096433	BERROBAMBAN, S.L.	943,80
F/2018/5516	18/12/2018	B15359383	AUGASERVI, S.L.	87,10
F/2018/5525	18/12/2018	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	199,65
F/2018/5526	18/12/2018	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	102,85
F/2018/5535	19/12/2018	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	538,45
F/2018/5537	19/12/2018	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	60,50
F/2018/5573	20/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	202,18
F/2018/5575	20/12/2018	32831723M	VAZQUEZ SANTOS ANTONIO	242,00
F/2018/5581	22/12/2018	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	208,28
F/2018/5582	22/12/2018	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	167,00
F/2018/5588	26/12/2018	B31596968	DAPP PUBLICACIONES JURIDICAS, S.L.	171,60
F/2018/5593	27/12/2018	B15359383	AUGASERVI, S.L.	60,11
F/2018/5597	21/12/2018	32751414N	RUSO DE LAGO MARIA BELEN	882,35
F/2018/5616	27/12/2018	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	820,00
F/2018/5620	28/12/2018	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	45,01

CVD: Ab/yzj67jg6mk16nhBSD  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

F/2018/5625	21/12/2018	53160704E	LOURO PALLARES LUCIA	200,00
F/2018/5635	28/12/2018	32790291L	CUBEIRO CACHEIRO MARIA	95,00
F/2018/5637	28/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	187,66
F/2018/5638	28/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	364,16
F/2018/5639	28/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	125,10
F/2018/5640	28/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	140,44
F/2018/5645	29/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	879,19
F/2019/23	02/01/2019	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	381,15
F/2019/24	02/01/2019	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	381,15
F/2019/383	08/01/2019	G70237235	ASOCIACION CULTURAL CORAL DA TERCEIRA IDADE DE VEDRA OS DO CANTO	1.390,00
F/2019/384	03/01/2019	G15036981	AGRUPACION CULTURAL ALEXANDRE BOVEDA	750,00
F/2019/399	14/01/2019	46907313D	SAMBAD GARCIA JUAN JOSE	662,48
<b>TOTAL</b>				<b>60.436,36 euros</b>

**Terceiro.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

**Cuarto.-** Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar os referidos reparos co fin de que estes non se repitan.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de febreiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os catro concelleiros presentes do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad). E abstéñense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### 2.3. Proposta de Alcaldía de adhesión á iniciativa europea do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía

#### Acceso á videoacta – 00:27:46 horas

Vista a proposta de Alcaldía do día 20 de febreiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.



O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como alcalde do Concello de Cambre recoñezo que o noso compromiso esixe:

Un liderado político forte:

- a. Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
- b. Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

Un enfoque territorial integral e intersectorial.

A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
- O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

Revisar periodicamente as nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu Óscar A. García Patiño alcalde desta Corporación, comprométo-me a:

- a. Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
- b. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
- c. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
- d. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
- e. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
- f. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
- g. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
- h. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
- i. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Tendo en conta canto antecede, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordo a adoptar:

- A adhesión do Concello de Cambre ao Pacto dos alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.
- Facultar ao alcalde don Óscar A. García Patiño a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de febreiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.4. Aprobación provisional da modificación puntual das Normas subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI**

### **Acceso á videoacta – 00:32:39 horas**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 18 de febreiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

"En relación coa **Modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI** e a teor do establecido no artigo 60, apartado 13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o Pleno Municipal de Cambre na súa sesión ordinaria de data 31 de maio de 2018 acorda aprobar inicialmente a modificación puntual anteriormente indicada.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 15 de febreiro de 2019.

Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 18 de febreiro de 2019 co conforme da secretaria xeral.

Propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Estimar as alegacións presentadas por dona M<sup>ª</sup> del Carmen Ponte Blanco na fase de información pública da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI, concernentes á rectificación da superficie construída na súa parcela e á exclusión de parte desta do solo urbanizable.

**2º.-** Estimar parcialmente as alegacións presentadas pola entidade Promociones ESGA, S.A. na fase de información pública da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI no que á superación da altura da edificación con elementos publicitarios singulares se refire coa pertinente autorización da administración competente en aviación civil; a poder parcelar a zona terciaria -1- con parcela mínima de 4.000 m<sup>2</sup> e no que a corrección dos erros materiais detectados se refire; e desestimar o resto das súas alegacións concernentes ao incumprimento do convenio urbanístico suscrito por canto a diferenza entre a superficie da zona terciaria -1- e a establecida no convenio, 20.000 m<sup>2</sup> fronte aos 20.465 m<sup>2</sup>, é dun 2,2% que se considera razoable se se teñen en conta que se excluíron solos en relación aos previstos no convenio para facilitar a xestión urbanística e recoñecer unha situación fáctica de solo urbano e que pola fronte das parcelas a estrada AC-12 existe unha reivindicación de titularidade do Ministerio de Fomento que reduce a superficie aportada polos que subscribiron o dito convenio, e por canto a edificabilidade establecida para a zona terciaria -1- cubre tanto pola banda do mínimo como pola banda do máximo a establecida no convenio. Igualmente desestimar as alegacións concernentes ao uso, por canto a pormenorización de uso autorizables que efectúa o documento en nada prexulga o uso global terciario previsto e si o desenvolve, admitíndose o uso de restauración, as concernentes ás alturas da edificación, toda vez que os beneficios determínanse pola asignación dun determinado aproveitamento urbanístico e non por un parámetro de edificación; e as concernentes á rasante do vial -1- por canto a proposta plantexada resulta inviable dende o punto de vista da funcionalidade, en canto dificulta a súa continuidade, e dende o punto de vista da integración do viario no terreo, por canto se incrementa a rasante de implantación coa actual do terreo.

**3º.-** Desestimar o resto das alegacións presentadas na fase de información pública da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI polos seguintes motivos:

- As alegacións presentadas por dona Virtudes Mejuto Sánchez por canto que os 400 m<sup>2</sup> da parcela que se indican non deixan de ser urbanos para pasar a ser urbanizables dado que a clasificación da parcela no planeamento vixente é a de solo rústico de protección ordinaria e non a de solo urbano, clasificándose como tal a través desta modificación puntual unha superficie de 3.066 m<sup>2</sup> sen que se teña que estender tal clasificación a unha descrición xenérica como a de todos "los terrenos con viviendas unifamiliares"; por canto a disposición da edificación na zona terciaria -2- non establece unha posición en concreto senón un ámbito de movemento; e por canto os propietarios de solo urbano en ningún momento teñen que contribuir á execución do solo urbanizable por ter tal propiedade.

- As alegacións presentadas por dona Carmen Puente Díaz por canto que a rede viaria proposta no documento non afecta a edificación existente que está a mais de 25 metros do vial proxectado, estando a piscina a 6 metros do seu borde; por canto que non se crea con este instrumento de planeamento solo urbanizable residencial sen que o artigo 30 e seguintes da Lei 2/2016 do solo de Galicia sexa de aplicación para a xustificación da transformación de solo rústico en urbanizable; e por canto a elección do sistema de actuación é unha potestade do planeamento e en presenza de iniciativa privada óptase polo sistema de compensación para o reparto de cargas e beneficios.

- E as alegacións presentadas polo Grupo Municipal Popular por canto o documento de modificación axústase ao establecido no artigo 83.4 da Lei do solo de Galicia para as modificacións dos instrumentos de planeamento urbanístico, aspecto este avaliado positivamente pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe emitido o 29 de agosto de 2017, no trámite de avaliación ambiental e que, por outro lado, recoñece expresamente o interese público para a formulación desta modificación conforme ao apartado 1º do artigo 83 citado, informe este unido ao informe ambiental estratéxico emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio

Climático de 28 de setembro de 2017, e por canto o procedemento seguido, e por iso as notificacións practicadas, é exactamente o establecido no artigo 60 da Lei do solo de Galicia de aplicación obrigada ao caso que nos ocupa, de conformidade co artigo 83.5 do mesmo texto legal.

**4º.-** Desestimar as alegacións presentadas polo Concello de Oleiros no trámite de audiencia aos municipios limítrofes previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016 do solo de Galicia por canto mediante Resolución de data 28 de setembro de 2017, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria á Modificación Puntual das Normas Subsidiarias.

Para os efectos de adoptar esta resolución avalíuse o Borrador do Plan presentado polo Concello de Cambre, como órgano promotor, co alcance e contido establecido na lexislación urbanística vixente así como o Documento Ambiental Estratéxico redactado para o efecto, todo iso co nivel de detalle suficiente para a súa análise urbanística.

O Concello de Cambre, de conformidade co convenio urbanístico subscrito ao efecto, procedeu a incorporar no documento de aprobación inicial a ordenación detallada do sector de solo urbanizable, sobre a base das determinacións establecidas no documento de Borrador do Plan. Esta ordenación pormenorizada non vén máis que a confirmar os datos xa avaliados na resolución, sen introducir alteración nas variables ambientais consideradas.

Non obstante iso, solicitouse informe á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático sobre a validez do informe ambiental estratéxico xa obtido sen ordenación detallada respecto do proxecto aprobado inicialmente con ordenación detallada o cal foi emitido con data 17 de xaneiro de 2019 dando validez ao informe ambiental estratéxico emitido tamén para esta modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre coa ordenación detallada incluída.

En relación ao “Contido da modificación” e ao cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei do solo de Galicia, hai que remitirse ao informe realizado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 29 de agosto de 2017 aos efectos do trámite de consultas previas, regulado no artigo 60.4 da Lei do solo de Galicia, e que textualmente indica que se xustifica *“o interese público para os efectos da formulación da modificación na potenciación da economía local e das actividades existentes na contorna coa clasificación do novo solo urbanizable de uso terciario que reforzaría o núcleo urbano do Temple; e no recoñecemento da realidade existente en canto á clasificación como solo urbano dun ámbito consolidado pola edificación e as infraestruturas urbanas, que poden conceptuarse como de interese público.”*

En canto aos valores paisaxísticos, hai que remitirse ao informe emitido ao respecto polo Instituto de Estudos do Territorio tras a aprobación inicial onde se conclúe que *“polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, non se formula ningunha obxección para a aprobación da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento no ámbito da N-VI no Temple”*.

En canto aos aspectos referidos á mobilidade, e conforme ao establecido no artigo 139 do Regulamento da Lei do solo, este ten un alcance e contido proporcional á súa complexidade, e máis tendo en conta que ningún concello da Área, agás A Coruña, conta con plan de mobilidade específico pese á complexidade da estrutura de asentamentos que presentan, polo que moitas das posibles determinacións a implementar escapan da esfera competencial da presente modificación. En calquera caso avalíuse, conforme ao establecido no artigo 172 do RLSG, a incidencia da nova implantación e someteuse esta á consideración da administración titular da estrada á que dá fronte.

En canto aos aspectos referidos aos obxectivos de calidade acústica, indicar que os novos usos previstos non son incompatibles cos niveis establecidos no Plan de Ruído elaborado pola administración titular da estrada e que a propia Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de conformidade co artigo 11 e disposición transitoria primeira do Real Decreto 1367/2007 polo que se desenvolve a Lei 37/2003 do ruído, emite informe favorable con data 20 de febreiro de 2018 aos efectos de servidumes acústicas.

En canto á ordenación detallada, os 10 metros de desnivel ao cal se fai referencia entre a rasante de implantación da Zona Terciaria 3 e a rasante natural do terreo, prodúcese unicamente na esquina máis ao norte da plataforma. Aínda así, é respecto á rasante actual do terreo segundo a cartografía. A rasante final da zona verde pode variar unha vez que esta se urbanice. Na fronte da plataforma en contacto co Vial 2, a diferenza de rasante máxima co terreo natural existente é de 6,9 metros.

Pola súa banda, o viario ao norte da zona verde cunha pendente do 9% elimínase conforme ao informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio.

Por último modifícase a sección viaria do Vial 1 ata un longo de 12 m, non de 10 m como indica a alegación, cunha calzada de sentido único de 4 metros.

Por outro lado, e xa con respecto ao que o alegante chama "Consideracións xurídicas", cabe dicir que o feito de que as Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal de Cambre sexa un documento obsoleto e non axustado á normativa en vigor non quere dicir que non sexa un instrumento de planeamento vixente no termo municipal de Cambre a día de hoxe. E que con arranxo á propia disposición transitoria primeira, apartado 2, da Lei 2/2016 do solo de Galicia que cita o alegante "conservará a súa vixencia ata a súa revisión e adaptación a ela".

Por outra banda, o documento sometido a información pública non pretende adaptar as Normas Subsidiarias de Cambre á Lei 2/2016 nin revisar as mesmas senón a súa modificación puntual conforme ás determinacións da propia Lei, e en concreto conforme ao establecido no artigo 83.4 da Lei do solo de Galicia, sen que a simple alteración de clasificación do solo nun ámbito de algo máis de 5 ha. poda considerarse como a formulación de novos criterios respecto da estrutural xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo como indica o alegante baseándose para iso no artigo 83.3 da Lei 2/2016, cando estamos en presenza do artigo 83.4 da mesma.

En calquera caso basta remitirse ao informe emitido sobre o particular pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aos efectos do trámite de consultas previsto no artigo 60.4 da Lei do solo de Galicia antes citado.

Respecto á vulneración do procedemento de avaliación ambiental que se cita neste apartado de "Consideracións xurídicas" volve o alegante a repetir o mesmo que xa indica no primeiro apartado do seu escrito polo que hai que desestimar tal plantexamento polo xa expresado e en concreto polo informe indicado da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático do 17 de xaneiro de 2019 que mantén a validez do informe ambiental estratéxico emitido tamén para esta modificación puntual coa ordenación detallada incluída.

**5º.-** Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI redactada pola entidade Oficina de Planeamento, S.A., de conformidade cos artigos 60-13 e 83-4 e 5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

**6º.-** Remitir este instrumento de planeamento xunto co expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que se proceda a súa aprobación definitiva, de conformidade cos apartados 13 e 16 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de febreiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Votan en contra os catro concelleiros presentes do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

Dado que a proposta obtivo dez votos a prol, non pode considerarse aprobada polo Pleno municipal ao non cumprirse coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida no artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## 2.5. Solicitude á Xunta de Galicia para que a celebración da festa do Entroido de Cambre sexa declarada Festa de interese Turístico de Galicia

### Acceso á videoacta – 01:28:44 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade do día 15 de febreiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«O artigo 46 da Constitución española establece que “Los poderes públicos garantizarán la conservación y promoverán el enriquecimiento del patrimonio histórico, cultural y artístico de los pueblos de España y de los bienes que lo integran, cualquiera que sea su régimen jurídico y su titularidad. [...]”

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída, de conformidade co disposto no artigo 27.21º do Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e, polo tanto, a potestade de regular o sector turístico no seu ámbito territorial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, recolle no título VII, referente á promoción e fomento do turismo, un capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento en que se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia e que sinala que a declaración deberá facerse segundo se determine regulamentariamente en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigo, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, valora positivamente as manifestacións de exaltación de tradicións, cultura, gastronomía, etnografía e calquera elemento que contribúa a mellorar a oferta lúdico-promocional de turismo de Galicia como os eventos deportivos, xa que son unha demostración da acollida, amabilidade e hospitalidade pola que Galicia é recoñecida no mundo.

Esta declaración estaba regulada no Decreto 39/2001, de 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico.

Ademais, os concellos son as administracións máis próximas aos cidadáns con competencias en materia de promoción cultural, deportiva e de ocio e tempo libre. A Lei 7/1985, 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, no seu artigo 25, punto 2 apartado m), establece entre as súas competencias a “Promoción da cultura e equipamentos culturais”.

O municipio afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización da cultura, de manter as tradicións de forte arraigo popular e fortalecer a súa existencia levando a cabo as estratexias que a lexislación vixente pon á súa disposición.

Segundo o establecido no artigo 3 da lei 5/2016 de 5 de maio de patrimonio de Galicia, as Administracións locais deben colaborar na salvagarda e na conservación do patrimonio cultural, fomentado o goce e estimulando para iso a participación activa de toda a sociedade.

O Entroido Pequeno é unha festa popular con grande arraigo en Cambre e nas súas parroquias. As orixes desta celebración remóntanse, de xeito documentado, aos inicios do século XX, cando se escribían os famosos testamentos que eran redactados con gran picaresca polos veciños de máis enxeño. Ao seu xeito, cada unha das parroquias levou a cabo esta conmemoración seguindo esquemas semellantes: os choqueiros que ían polos camiños e polas portas, os bailes de disfraces e as comparsas ademais do enterro da sardiña.

Como mostra dese pasado podemos ver antigas fotografías, moitas das cales custodia o Arquivo Fotográfico do Concello, cedidas polos veciños e veciñas que gardan con respecto ese recordo dun tempo xa ido. Ademais, tamén se conserva algunha gravación audiovisual que serve de testemuño do espírito da festa.

Antes de que o Concello tomase as rendas da festa do Entroido foi a Asociación Sporting Cambre S.D.C.R. quen se ocupou deste labor, cando menos ata o ano 1991. Na actualidade, a raíz do cambio levado a cabo nos usos e costumes da cidadanía no seu devir cotiá, tamén se viu afectado o xeito de celebrar e desfrutar destas tradicionais festas que, na súa

orixe, tiñan un carácter de grande arraigo parroquial. Certos hábitos e tradicións mantéñense a día de hoxe, pero moitos outros, por pereza ou porque as novas xeracións, en moitos casos, senten un certo desapego pola tradición, foron esmorecendo.

O Concello de Cambre decidiu, xa hai varios anos, tomar a renda da celebración do Entroido Pequeno (pequeno polo nome, non pola dimensión popular que acada e que aumenta cada ano) que goza de gran popularidade, que reúne no Campo da Feira, cada ano, a todos os veciños e veciñas do municipio que manteñen vivo o espírito do carnaval. Así é que, de ano en ano, aumenta o número de participantes e o Entroido Pequeno de Cambre é xa unha referencia entre todas as celebracións deste carácter que se organizan na nosa comarca.

Nestes últimos anos a celebración do Entroido aumentou considerablemente a súa oferta de actividades. Deste xeito, non se cingue tan só ao día propio do Entroido Pequeno, senón que inclúe unha serie de propostas para todos os públicos que se desenvolven ao longo de toda a semana, así como o apoio ás entidades e asociacións do municipio que organizan as súas propias actividades.

Entre as asociacións municipais que organizan a súa festa do Entroido están a Asociación de Veciños "A Torre de Andeiro", Asociación de Amas de casa de Bribes, a Asociación Cultural Santa María do Temple e Asociación da Terceira Idade de Cambre, a Asociación de Mulleres Nosa Sra. da Visitación, Asociación de Veciños A Unión, Asociación de Amas de Casa Vagalume, a Banda da Escola de Música Sementeira e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez, entre outras entidades.

## 1. Singularidade

Un dos feitos que fai singular esta celebración é, precisamente, a data en que se celebra. Mentres que na maioría dos lugares as festas teñen lugar o martes de Entroido, ou, cando menos nos primeiros días, en Cambre optouse, precisamente para evitar cadrar datas cos demais lugares, facer esta celebración o día do Entroido Pequeno. Isto garante que poida vir ao Campo da Feira un grande número de xente.

Ademais disto, o Entroido Pequeno de Cambre foi aumentando nos últimos anos as súas propostas culturais, unha serie de actividades paralelas para todos os públicos e para todas as idades.

## 2. Accións promocionais

As accións promocionais lévanse a cabo a través de diversos medios. Nos primeiros anos facíanse carteis e trípticos nos que se publicitaba o programa en todas as parroquias e todo isto remitíase á prensa. Unha vez creada a páxina web do Concello a publicidade comezou a facerse tamén a través da páxina web, por correo electrónico, a través de facebook e twitter. No ano 2018, ademais, a festa do Entroido foi retransmitida en directo a través do programa Aquí Galicia, da Televisión de Galicia.

Pero, sobre todo, a celebración do Entroido Pequeno é algo que a xente agarda impaciente dun ano para outro e, con esa expectativa, moitos xa comezan a preparar as súas carrozas ou a idear o motivo do seu disfraz unha vez rematados os acontecementos do ano en curso.

## 3. Valor cultural

O valor cultural do Entroido Pequeno vai implícito dentro desta festa que, se ben cambiou considerablemente o seu carácter local, conserva da época anterior o espírito das chanzas, burlas e ridiculizacións poñendo sempre en tela de xuízo a todas as esferas do poder ou da vida cotiá ás que todo o mundo ten acceso a través dos medios televisivos, xornais, revistas e redes sociais. En todo caso, é o tempo de andar ao revés, e así se reflicte tamén no Entroido Pequeno de Cambre.

## 4. Actos que compoñen na actualidade a festa

Na actualidade a celebración do Entroido vai acompañada de diversas actividades complementarias nas que participan xentes de todas as idades. Ademais, implícase aos veciños para que participen en atractivas propostas tales como a preparación teatral do Enterro da Sardiña. Tamén se involucran as asociacións que axudan en distintas tarefas de organización nos bailes de Entroido.

Festa infantil nos Pavillóns polideportivos de Cambre e o Temple e chocolatada.  
Obradoiros de repostería de Entroido para nenos e adultos.  
Cine infantil.  
Obradoiros para a creación de disfraces e máscaras.  
Conferencias e charlas sobre a historia do Entroido.  
Obradoiros teatrais para a preparación do Enterro da Sardiña.  
Obradoiro de escritura para a creación de Testamentos.  
Concursos de gastronomía, como orellas e filloas.  
Concertos de música para o público infantil.  
Concursos de disfraces, carrozas e comparsas.  
Creación dun grupo de animación teatral, que se reúne cada certo tempo, xente con ganas de divertirse de chegar lonxe a golpe de bombo e platillo.

O día propio do Entroido Pequeno ten lugar o tradicional desfile de carrozas e comparsas que exhiben ante o público o resultado do traballo levado a cabo ao longo de todo o ano. A continuación actúan as comparsas, ten lugar o desfile de disfraces. Estes últimos anos, a fin de atraer un maior número de público, trouxéronse figuras emblemáticas do panorama musical nacional tales como Karina ou o grupo Azúcar Moreno e a festa e o baile continuaron coa actuación da Orquestra Trébol, que deu fin á xornada xunto co lanzamento de fogos de artificio.

O lugar onde se desenvolve a festa do Entroido é o Campo da Feira, fronte ao Concello e ao outro lado da estrada onde está a igrexa románica e o parque. O lugar é absolutamente céntrico e privilexiado, sobre todo se temos en conta que este ano aumentou a zona de parque ao engadir a este terreo parte da horta do cura.

## 5. Infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa.

A fin de facilitar aos visitantes o acceso habílanse zonas especiais a modo de aparcadoiro. Estas zonas son leiras que os veciños/as de Cambre ceden temporal e desinteresadamente para este fin. Arredor desta área hai diversos cafés e restaurantes a disposición de visitantes foráneos e locais.

Por outra parte, colócanse sanitarios portátiles en diversas áreas e contedores para facilitar o depósito de todo tipo de residuos.

O traballo que se desenvolve desde o Concello aúna os esforzos coordinados e en equipo de diversas áreas e dos seus respectivos técnicos e responsables: todo o persoal técnico de cultura coma doutros departamentos, brigada de obras, policía local, protección civil, ambulancia e voluntarios de Cambre. Xestiónanse así os aspectos relativos a seguridade, tomas de corrente eléctrica, auga, colocación de valos, montaxe de escenario e equipos de luz e son que se contratan a empresas especializadas.

## 6. Afluencia de visitantes.

O número de visitantes sufriu ao longo dos últimos anos variacións, mais sen baixar en ningún caso da cifra de 1000 persoas e estando o máximo en 4000.

Por todo isto, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**Único:** Aprobar a solicitude á Xunta de Galicia para que a celebración da festa do Entroido de Cambre sexa declarada Festa de Interese Turístico de Galicia.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 21 de febreiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona



Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.6. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

### ***Acceso á videoacta – 01:41:05 horas***

Este punto non foi utilizado.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. Declaracións institucionais**

#### ***Acceso á videoacta – 01:41:09 horas***

Este punto non foi utilizado.

Cando son as vinte e unha horas e corenta e un minutos auséntase da sesión dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC.

### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

#### ***Acceso á videoacta – 01:41:21 horas***

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON respecto da modificación do convenio a celebrar con Sementeira no exercicio 2019. Votan a prol os catro concelleiros presentes neste momento do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os tres concelleiros presentes neste momento de UxC (don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezasete concelleiros presentes neste momento, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **A) Moción do grupo municipal de ACdC-SON para instar ao Goberno de Cambre á inclusión dunha modificación no convenio a celebrar con Sementeira no exercicio 2019**

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 22 de febreiro de 2019, foi rexistrada de entrada no concello co núm. 900/521 o día 25 de febreiro de 2019.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A entidade sen ánimo de lucro Sementeira Cambre, foi constituída no ano 1978 nas parroquias de Altamira e Anceis, dedicándose primeiramente ao ensino da gaita e do baile folclórico galego. Axiña se forma un numeroso grupo de baile, ao mesmo tempo moitos rapaces e rapazas coa axuda dos profesores aprenden tamén a tocar a gaita e fórmase o grupo de gaitas. Ambos os dous grupos percorren a comunidade galega acadando importantes premios. Durante dez anos seguidos, esta asociación organiza o “Concurso folclórico de Anceis”, no que participan a maioría das agrupacións folclóricas galegas, tanto de baile como de gaita.

Anos máis tarde, a escola de música Sementeira amplía a súa actividade formativa de vento e percusión, sendo numerosos os alumnos matriculados nas distintas disciplinas ata chegar a impartir na actualidade ensinanzas de linguaxe musical, música e movemento, piano, guitarra, gaita, vento-madeira (fruta, clarinete, saxofón), vento-metal (trompeta, trompa, trombón, bombardino, tuba), violoncello e percusión.

Actualmente temos unha escola e unha banda que son referente cultural e musical non só en Cambre senón en todo o país, acadando premios a nivel autonómico e tamén nacional. Son moitas as persoas de Cambre que a día de hoxe ven como os seus propios fillos e netos seguen formando parte dunha escola senlleira para todos nós.

Dende ACdC entendemos que esta Corporación non pode poñerse de perfil, sabendo da situación económica que actualmente atravesamos e que, polo tanto, repercute na escola, na banda, nos profesores, nos pais e nais, e sobre todo nas alumnas e alumnos.

Non podemos seguir demorando a nosa responsabilidade coa cultura, coa música, co ensino, cunha agrupación de persoas que fan pola promoción cultural do noso concello un labor que necesariamente temo que preservar e protexer.

Os poderes públicos debemos atopar fórmulas que permitan que a cultura en xeral e a música en particular, non sufra as consecuencias da falta de iniciativas e medidas políticas que provoquen a preocupación dos pais e nais, a incomodidade laboral de mestres e mestras e a intranquilidade dunha asociación que chega, incluso, a pensarse medidas indesexables para a escola, a banda e para todos os veciños e veciñas de Cambre.

Dende Asemblea Cidadá de Cambre somos quen de loitar e buscar a fórmula que permita a Sementeira Cambre, continuar co seu labor sen que perigue a súa continuidade. Entendemos que a totalidade de concelleiros e concelleiras desta Corporación deberán apoiar esta iniciativa e facer unha fronte común para apoiar un patrimonio que é de todas e todos os veciños: Sementeira Cambre.

Por todo iso, o grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único:** Instar ao Pleno da Corporación á inclusión dun novo punto no convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación Sementeira Cambre para a promoción musical, ano 2019, ao abeiro do recollido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, será incluído no texto do convenio o sistema de garantías previsto no mesmo artigo a través das modificacións que sexan necesarias.

Incluirase un novo punto, número 4, dentro da segunda cláusula, quedando redactado como sigue:

*“SEGUNDA: Compromisos do Concello de Cambre*

*Este concello comprométese a: (...)*

*4. Poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.”*

Faise constar que ás vinte e unha horas e corenta e sete minutos, durante a lectura da moción, reincorpórase á sesión dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC.

Así mesmo, ás vinte e dúas horas e quince minutos, durante o debate da moción, incorpórase á sesión dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal, por dezaseis votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON para instar ao Goberno de Cambre á inclusión dunha modificación no convenio a celebrar con Sementeira no exercicio 2019.

#### **Acceso á videoacta – 02:35:35 horas**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON de apoio á folga feminista do 8 de marzo de 2019. Votan a prol os cinco concelleiros do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON de apoio á folga feminista do 8 de marzo de 2019**

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 22 de febreiro de 2019, foi rexistrada de entrada no concello co núm. 900/520 o día 25 de febreiro de 2019.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“O vindeiro 8 de marzo, Día internacional da muller, o movemento feminista, co apoio de organizacións políticas, sociais e sindicais convocan unha folga feminista que, tras o éxito do ano pasado, este 2019 acada unha dimensión internacional.

A folga feminista é unha convocatoria de 24 horas de denuncia fronte ás desigualdades, as discriminacións e as violencias estruturais que sofre máis da metade da poboación mundial, as mulleres, pero tamén de reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario.

A folga feminista resposta tamén de forma estrutural, contra o sistema capitalista e patriarcal que se basea en obter beneficios e privilexios das desigualdades e opresións que sofren as mulleres en toda a súa diversidade (migrantes, racializadas, trans, con capacidades diferentes, novas e maiores). A invisibilización dos traballos de coidados, a feminización da pobreza, as violencias machistas e a falta de liberdade nas identidades sexuais e/ou expresións de xénero son algúns dos síntomas da subordinación social á que nos vemos sometidas en todas as esferas da vida e fai ineludible tomar todos os espazos que tamén nos pertencen: as rúas, as institucións, os centros de traballo ou estudo, os mercados, etc. Para demostrar que se nós paramos, o mundo derrúbase.

Un mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas nos engloba e debúxanos nos seguintes escenarios:

- En todo o mundo, as mulleres gañan só entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballo similares. A longo prazo, esta fenda salarial afecta ás súas pensións. Ademais, as mulleres atópanse cun maior risco de pobreza e exclusión social que os homes, instalándose especialmente nos fogares monomarentais. En Galicia a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 30%. Esta é a porcentaxe na que debemos incrementar os ingresos medios das mulleres para igualar o dos homes e conseguir equiparación retributiva. Así, segundo os últimos datos da enquisa anual de estrutura salarial do 2016, as mulleres ingresaron 5.480 € menos que os homes polo seu traballo asalariado.
- A práctica da interrupción voluntaria do embarazo non está garantida para todas as mulleres (migrantes ou mulleres entre os 16-18 anos). A lexislación existente permite que a clase médica máis reaccionaria poida negarse a realizar o IVE e que o Código Penal siga contemplando o aborto como un delito. Ademais, esiximos que se realicen de forma gratuíta e dentro do Sistema de Saúde público. Denunciamos a represión cara aos que encabezan a loita polos dereitos sociais e reprodutivos.
- A misoxinia percorre a cultura e a ciencia en todos os seus ámbitos. Na arte, na literatura, no cine, nas matemáticas, na bioloxía, na enxeñería ou arquitectura... as mulleres apenas existen no espazo público. Esta invisibilización elimina as mulleres da Historia e fai que todas as súas achegas foran e sigan sendo totalmente ignoradas. Esiximos unha memoria histórica feminista que reivindique e rescate o papel e a presenza imprescindible das mulleres en temarios e materiais docentes en todos os niveis educativos e en todos os espazos culturais.
- As mulleres están desprotexidas fronte ás agresións sexuais e ás violacións; dende 2016 cometéronse 89 agresións sexuais múltiples no Estado español. Esiximos unha educación afectivo-sexual desde a igualdade e a diversidade sexual, identidade e/ou expresión de xénero e que eduque aos homes nunha masculinidade non violenta.
- Os continuos asasinatos de mulleres deben traducirse nun rexeitamento frontal a esta inaceptable realidade, que consolide a construción dunha cultura antipatriarcal para erradicar esta violencia sistémica da vida das mulleres. O pacto de Estado contra as violencias machistas –polo demais insuficiente- debe dotarse de forma inmediata de recursos e medios suficientes para o desenvolvemento de políticas públicas globais, reais e efectivas, que axuden a conseguir unha sociedade libre de violencias contra as mulleres e nenas.
- A notoria expansión que está adquirindo o debate e a demanda dos ventres/úteros de aluguer, non o esquezamos, de mulleres empobrecidas que son as que se ven obrigadas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal, é un nicho de negocio que mercantiliza os corpos.
- As miles e miles de mulleres e nenas traficadas para consumo sexual dos homes e a súa irrefutable conexión coa 'industria do sexo' e a prostitución, fai imprescindible a posta en marcha de políticas públicas e protocolos globais contra a trata que implementen o Protocolo de Palermo para que as mulleres vítimas de trata e en situación de prostitución teñan alternativas formativas e laborais, asistencia social e mecanismos de asilo e protección reais.
- As mulleres migrantes sofren maiores violencias no proceso migratorio e discriminacións xenófobas e racistas. Por iso son necesarias unhas políticas de estranxeiría respectuosas cos dereitos humanos e unhas políticas públicas que creen alternativas para as traballadoras migrantes en situación administrativa irregular, que loiten contra a súa exclusión e abuso no mercado laboral.

Por estas e moitas máis razóns é imprescindible que o noso concello apoie a folga feminista convocada para o 8 de marzo. Unha folga que irá enmarcada con grandes manifestacións onde as mulleres tomaremos as rúas para demostrar que non só hai que parar o mundo, senón que tamén hai que transformalo, cambiando os modelos patriarcais e capitalistas por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Por todo iso, o grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre propón ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Apoiar a folga xeral feminista, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.

**Segundo:** Articular na práctica políticas globais con dotación económica suficiente, de xestión pública, con estatísticas e avaliacións, que cambien a realidade material das mulleres, de cara a unha igualdade real.

**Terceiro:** Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.”

Sometida moción a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 4.1. Informes do equipo de goberno

#### **Acceso á videoacta – 02:54:54 horas**

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 210/2019, do 4 de febreiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 2 ao 5 de febreiro de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución número 1841/2016, de data 18 de novembro.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

### 4.2. Rogos

#### **Acceso á videoacta – 02:56:17 horas**

#### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/214 o día 25 de febreiro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

#### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:56:19 horas**

Lee o rogo don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga.

Veciños do Temple comunicannos que existe un alto número de veciños da parroquia que posúen mascotas, fundamentalmente cans, sen que exista na parroquia un espazo convenientemente acoutado, valado e sinalizado (como si existe noutros lugares do municipio), onde soltalos coas debidas garantías e cumprimento das normas vixentes.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se insta ao equipo de goberno á adopción das medidas pertinentes para dotar, á maior brevidade posible, á parroquia do Temple, dun espazo destinado para tal fin que cumpra as garantías e condicións necesarias.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta o rogo.

**2º rogo - Acceso á videoacta – 02:58:47 horas**

Lee o rogo don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex.

Nos últimos días temos asistido á presentación, por diferentes parroquias do noso municipio, do proxecto de nova redacción do Plan xeral de ordenación municipal. Entre as novidades introducidas para a súa redacción, atópase a contratación de dúas empresas: unha encargada dun procedemento de participación cidadá e a outra encargada da redacción do documento rector ou plan propiamente dito.

Sobre a base deste programa conxunto para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal, sorprende que fora un dos grupos no goberno o que tratara de defender o proceso de participación cidadá na redacción do plan, negando que calquera persoa non empadroada en Cambre puidera opinar sobre o urbanismo cambrés, sobre todo porque coa enquisa “*non se decide nada*”.

Manifestación que choca co gasto recoñecido na contratación da dita participación cidadá, que rolda os 18.000€, para que como manifestaron os socios no goberno: non se decida nada.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se solicite ao equipo de goberno que deixe de confundir aos veciños respecto do procedemento de redacción do Plan xeral de ordenación municipal e racionalice o gasto prescindindo daqueles trámites que, ademais de gravosos, segundo as súas propias manifestacións, non deciden nada.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta o rogo.

**3º rogo - Acceso á videoacta – 03:12:15 horas**

Lee o rogo dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe.

É unha evidencia que as empresas localizadas no municipio de Cambre destacan por un predominio do sector servizos e a PYME de carácter familiar. Pequenas e medianas empresas cuxo crecemento vén dependendo nos últimos tres anos e medio dos seus medios propios, sen coñecerse e a pesar da insistencia do noso grupo municipal, acción política ningunha que se teña amosado verdadeiramente efectiva para o impulso de tantísimos negocios que cada día loitan por sobrevivir e que son os principais xeradores de emprego.

Un municipio en crecemento e que desexa ser referencia comarcal non pode concibirse sen servizos, sen locais de ocio e sen establecementos de venda polo miúdo. Compete, polo tanto, un exame detido das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías para acadar estas metas. O aproveitamento das posibilidades que ofrecen os novos medios de venda *online* e de xestión comercial non pode ser obviado polas políticas de promoción económica local, como vén sendo habitual no goberno cambrés. É polo que, por cuarta vez, seguimos rogando á concelleira responsable a posta en marcha dunha plataforma dixital de empresas locais que incorpore mecanismos de venda *online* para aquelas empresas locais que desexen adherirse.

O señor presidente informa que contestará por escrito a concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, dona Leonor Fernández Grande.

## Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de febreiro de 2019, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/538 o día 26 de febreiro, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

### 1º rogo - *Acceso á videoacta* – 03:13:51 horas

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Dende ACdC queremos denunciar unha vez máis a carencia de medidas de seguridade e situación de perigo na estrada CP-1707, no treito que comprende dende o núcleo de Armental a Castellana, motivado na carencia de beirarrúas, que fai imposible que as persoas poidan circular coas necesarias medidas que garantan minimamente a integridade física dos viandantes.

Urxe unha actuación prioritaria por tratarse dun viario que une o centro de Oleiros con Cambre, onde existe grande intensidade de circulación rodada, que se acentúa cada pola carencia doutras vías alternativas que desconxestionen os viarios tradicionais.

Lamentamos que o concello, a administración máis próxima os veciños e veciñas e a propia Deputación provincial (titular da estrada) non sexan capaces de darlle unha solución ou problema, poñendo de manifesto a situación de indefensión dos cidadáns que con máis frecuencia ven máis difícil o seu desprazamento e desenvolvemento das súas actividades diarias ante a situación que teñen que soportar.

É unha vergoña que unha estrada que une as capitais municipais de Oleiros e Cambre, presente esta situación. Trátase máis de vontade política que do gasto que pode ocasionar esta actuación. Parece que o nivel de protección dos peóns e usuarios de bicicletas non parece ser unha prioridade para concello e deputación.

Mentres os cidadáns observan como tanto a administración local como a Deputación provincial non dan resposta a unha necesidade fundamental en materia de seguridade viaria, unha demanda reclamada polo noso grupo en dúas ocasións no pleno do concello.

ACdC quere denunciar a falta de interese do concello cara aos veciños e veciñas e usuarios en xeral da mencionada estrada, por considerar que debe ser unha actuación prioritaria e urxente para o Goberno municipal e tamén para a administración provincial, que non son capaces de poñerse de acordo en un tema tan importante como a seguridade das persoas, e así atenuar a insostible situación de desamparo que están a sufrir.

Por todo o anterior rogamus que se inicien do xeito máis urxente posible, as actuacións precisas coas administracións que proceda, para dar solución a este problema.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta o rogo.

### 2º rogo - *Acceso á videoacta* – 03:17:42 horas

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Dende o comezo de lexislatura viñemos en distintos plenos ao longo do tempo (outubro de 2015) denunciando diversos focos onde se acumulan lixos e desperdicios, unhas veces de obras, outras lixos ou restos vexetais. Sempre se deron rápida solución menos un, un dos máis perigosos ao noso parecer, xa que contén uralitas. Falamos do situado en Meixigo. En reiteradas ocasións o noso grupo veu facendo reclamacións ao respecto de como axudar aos veciños e veciñas do noso concello a desfacerse correctamente do amianto que conteñen eses lixos, e a día de hoxe e vendo como se seguen acumulando neste sitio, non podemos máis que pregar que

establezan un convenio coa empresa que proceda para levar a cabo a retirada deses residuos perigosos do noso concello.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 03:18:38 horas**

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Nas derradeiras obras de mellora do campo do Dani Mallo, cando se cambiou o céspede, deixáronse os lixos resultantes amoreados fóra do campo, constituíndose nun fervedoiro de serpes e animais que poden resultar danos para os nosos menores, tendo en conta a proximidade co campo de fútbol e a alta probabilidade de que os rapaces vaian buscar por alí un balón perdido.

Polo tanto, o noso grupo prega que se limpe a zona dun xeito seguro e compatible co normal desenvolvemento das actividades que se levan a cabo nas inmediacións.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, contesta o rogo.

### **4.3. Preguntas**

#### **Acceso á videoacta – 03:19:15 horas**

#### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/214 o día 25 de febreiro de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:19:20 horas**

Lee a pregunta dona Mª Jesús González Roel.

Tal e como ocorreu o pasado ano, as circunstancias meteorolóxicas adversas, xunto coa falta de adopción das medidas necesarias para a súa erradicación, propiciou que a sucidade e o verdexo se apropie das nosas beirarrúas, camiños e vías públicas. Mal xeneralizado que atopamos no noso municipio pero que é especialmente destacable na parroquia de Sigrás, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno municipal se vai adoptar e cando (facilitando un calendario de actuación) as medidas necesarias para retirar, entre outros elementos, o verdexo que invade as beirarrúas, fundamentalmente as existentes na parroquia de Sigrás, coa finalidade de evitar caídas e facilitar o tránsito aos nosos veciños.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:20:50 horas**

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Hai xa máis dun ano que o Grupo Municipal Popular se interesou polas dificultades que os deportistas da disciplina de tiro con arco estaban atopando para poder adestrar no noso municipio. Problema agudizado pola existencia do alto número de federados que practican este deporte en Cambre, aos que debe darse unha solución.



Tralos adestramentos efectuados a cuberto este inverno, a día de hoxe os deportistas de tiro con arco non teñen asegurado en Cambre que, coa chegada da primavera, poidan adestrar ao aire libre. Para iso, xunto coa vontade de querer resolver o problema, é necesario estudar e buscar alternativas á anterior localización, o que parece que tras máis dun anos non se fixo.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro de Deportes cales son as xestións realizadas ata a data para solucionar o problema, así como as posibles alternativas que se poden ofrecer nun futuro inmediato dende o noso concello aos deportistas de tiro con arco, para que poidan adestrar no noso municipio e non teñan que desprazarse fóra del.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, contesta a pregunta.

### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:22:14 horas**

Lee a pregunta don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex.

Nos últimos días coñecemos, con gran despreche mediático como é a tónica habitual deste equipo de goberno, as informacións que desvelan que o alcalde de Cambre se atopa negociando, dende hai semanas, a cesión de varios inmobles propiedade do Arcebispado de Santiago, entre eles as rectorais de Cambre, Sigrás e Pravio, coa finalidade de “recuperar” os ditos inmobles para darlles un uso público, fronte á súa actual infrautilización.

Sorprende a publicidade das negociacións, que se desvelan feitas nas últimas semanas, e incluso a existencia dunha reunión prevista para esta mesma semana, o que ten xerado dúbidas máis que razoables entre os nosos veciños de que nos atopamos ante un novo anuncio en plena época preelectoral carente de veracidade.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao señor alcalde de Cambre sobre as xestións realizadas co Arcebispado de Santiago para a cesión dos inmobles rectorais de Cambre, Sigrás e Pravio, con inclusión do calendario de reunións celebradas, identificación dos asistentes, asuntos tratados e acordos acadados.

O señor presidente informa que contestará por escrito o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño.

### **Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito**

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de febreiro de 2019, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/538 o día 26 de febreiro, xunto cos rogos presentados para este pleno.

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:23:14 horas**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Tendo en conta como foron as anteriores tempadas de roza de cara ao período estival, o noso grupo, con tempo de abondo para atopar un xeito de xestionar isto dunha forma efectiva, pregúntase:

Como afronta o departamento de obras este tema de cara a este ano.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:24:07 horas**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

O noso grupo vén demandando dende que comezamos a lexislatura pola mellora da seguridade viaria, denunciando deficiencias e propoñendo solucións ata onde os nosos coñecementos nos permiten. Un dos principais focos desta particular loita son os pasos de peóns do noso concello en xeral, e se por concretar se trata, dos presentes nos principais núcleos de Cambre, como son os da Barcala, O Temple e o mesmo centro de Cambre.

Dende hai anos vimos observando en distintas cidades como se implementan uns pasos de peóns que están dotados dun sistema que de noite se ilumina a propia pintura, sendo case imposible ignoralos. Por este motivo, e vendo aquí unha mellora substancial na calidade da seguridade dos nosos viandantes, o noso grupo pregúntase se é posible a implementación deste sistema nun futuro non moi remoto.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

### **Pregunta de C's presentada por escrito**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/215 o día 25 de febreiro de 2019.

#### **Única - Acceso á videoacta – 03:26:12 horas**

Lee a pregunta dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo.

Unha das propostas de Ciudadanos Cambre á que este Goberno se comprometeu foi a realización dun mercadillo de obxectos usados de segunda man entre particulares. Superadas as primeiras trabas técnicas, o tempo foi pasando e posteriormente chegou a campaña do Nadal, o que novamente atrasou a súa posta en marcha. Temos insistido, ademais, en que a súa realización será un apoio moi importante para reconducir as feiras tradicionais de Cambre, dándolles ese impulso que necesitan para recuperar a baixada de actividade que vén padecendo dende algún tempo.

Lembrámoslles tamén, que a proposta tivo unha grande aceptación e acollida por parte de numerosas asociacións de veciños, moitos dos cales, constantemente nos preguntan cando se realizará.

Ten decidido a Axencia de Desenvolvemento Local en que mes se porá en funcionamento?

O señor presidente informa que contestará por escrito a concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, dona Leonor Fernández Grande.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente por delegación, levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e vinte e sete minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia